


[BUSCADOR](#)

6/06/2006

[Actividades](#)
[CAMPUS](#)
[INSTITUCIONAL](#)
[INVESTIGACION](#)
[ARTES](#)
[PUBLICACIONES](#)
[DEPORTES](#)
[NÓS/OUTR@S](#)
[AXENDA](#)
[CONVOCATORIAS](#)
[KIOSCO](#)
[TABOLEIRO](#)

## A Unión Europea destinará 30 mil millóns de euros a promover o labor das plataformas tecnolóxicas

### Un seminario difunde as oportunidades de I+D+i que ofrecen ás empresas



#### DUVI | Vigo

A importancia que están a acadar ultimamente as plataformas tecnolóxicas dentro da política da Unión Europea reflíctese nos máis de 30 mil millóns de euros destinados á investigación promovida por estas entidades no VII Programa Marco. Esta partida é a maior proposta orzamentaria e sitúa as estas plataformas como o novo aval para o avance na investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito europeo.

Precisamente para potenciar o coñecemento sobre estas agrupacións de capital público e privado e promover a participación das Pemes galegas nas mesmas, o Centro Social Caixanova acolle hoxe o seminario "Plataformas tecnolóxicas, novas oportunidades para I+D+i", organizado pola

Rede Otri Galega e Retgalia, a Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia.

Con esta iniciativa preténdese ofrecer a directivos e responsables de Pemes, investigadores e tecnólogos de universidades e centros de desenvolvemento tecnolóxico e xestores de I+D+i de empresas, asociacións e clústers, unha visión da realidade que rodea ás plataformas na busca dun maior aproveitamento das oportunidades que estas ofrecen para mellorar o tecido industrial.

Ao longo da xornada, que ten unha parte teórica e outra práctica, interveñen entre outros, Salustiano Mato, director xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, Cecilia Hernández, punto de contacto nacional do programa de Nanotecnoloxías e experta do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial en temas de plataformas, Josep Martrat, representante da Plataforma Tecnolóxica de Software e Servizos, Ricardo Cortés, secretario da Plataforma Española de Construción, Jesús Méndez, director de I+D de Coren e Federico Morais, director da Otri da Federación Española de Industrias de Alimentación e Bebidas.

#### Obxectivos

Este novo xeito de aglutinar as tarefas de innovación constitúense como grandes consorcios que agrupan a todos os axentes de I+D+i que actúan sobre un sector estratéxico, co obxecto de atender as súas necesidades e afrontar os retos a nivel económico, ambiental, tecnolóxico e social mediante a definición dun programa europeo común de investigación.

No caso galego a constitucións destas iniciativas daría á industria a oportunidade de participar, e liderar incluso, grandes proxectos. Para os grupos de investigación ofrece a posibilidade de contribuír ás Plataformas Tecnolóxicas que se constitúan a nivel europeo e español.

Por estes motivos, a finalidade deste seminario é potenciar o coñecemento existente sobre as plataformas tecnolóxicas e destacar o papel das empresas e os grupos de I+D+i dentro delas, ao tempo que tamén se aproveita para presentar algunhas das xa existentes relacionadas con sectores de especial relevancia en Galicia.

Deste xeito preténdese promover a participación de todos os axentes de I+D+i nestas plataformas e establecer unha rede de información e colaboración directa, facilitando o contacto entre os participantes e os técnicos mediante entrevistas individuais.

#### Financiamento

A pesar de que as plataformas tecnolóxicas comezaron a xurdir no 2001, a importancia destas entidades quedou patente no reparto do orzamento do VII Programa Marco da Comisión Europea. Dos 54 millóns de euros totais, o 60% do total, 32 millóns, destinaranse ao apartado de Cooperación no que se enmarcan estas plataformas.

Aínda que a esta cantidade poderán optar as entidades que xa estean constituídas, a Unión Europea elixirá ao longo deste ano aquela que apoiará dun xeito específico. Esta creba realizarase atendendo a criterios como a súa importancia estratéxica ou a súa

contribución aos obxectivos comunitarios no referente a eidos como o emprego, a competitividade ou o crecemento baseado no coñecemento.

Pero este recoñecemento ao labor das plataformas non procede unicamente de Europa, xa que a Xunta de Galicia tamén as estableceu como unha das prioridades dentro do borrador do Plan Galego de I+D+i. O goberno galego pretende así darlle un impulso á innovación e á defensa dos intereses sectoriais galegos, para o que xa se están a constituír dúas plataformas a nivel autonómico: a Plataforma Tecnolóxica Agroalimentaria Galega, PTGA, e a Plataforma de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

No que se refire á administración central, o goberno agarda constituír unhas 20 máis, ás que poderán optar empresas e institucións.

**[Volver](#) | [Portada de hoxe](#) | [Portada doutra data](#)**

**DUVI**

Diario da Universidade de Vigo

**[Buscador](#) | [Campus](#) | [Institucional](#) | [Investigación](#) | [Artes](#) |  
[Publicacións](#) | [Deportes](#) | [Nos/outr@s](#) | [Axenda](#) | [Convocatorias](#)  
[Kiosco](#) | [Taboleiro](#)**